



# PROXECTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Proposta de modificación de horario lectivo: xornada única

CPI de San Sadurniño



## Índice

Introdución	2
Xustificación	2
Horario	3
Horario xeral do centro	3
Horario lectivo	4
Horario dos docentes	5
Planificación das actividades extraescolares	6
Entidades colaboradoras	8
Espazos dispoñibles e recursos	9
Avaliación do plan coa participación de toda a comunidade escolar.	9

## Introdución

Este documento presenta o proxecto de actividades extraescolares do CPI de San Sadurniño para a implantación da xornada única, seguindo as directrices establecidas na *ORDE do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá*.

Segundo a devandita orde, para que se poida implantar este cambio é preciso:

1. Acordo do claustro de profesores e profesoras por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo consello escolar por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
4. Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai ou pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa na que se pretende cambiar a xornada).
5. Plan de actividades extraescolares

## Xustificación

Dende hai algún tempo, as familias do noso centro están a solicitar que se implante a xornada única. Este horario permitiría reducir o tempo que o alumnado pasa no centro escolar e facilitaría a conciliación da vida familiar e tamén tería numerosos beneficios a nivel pedagóxico:

- Mellorar o rendemento escolar do alumnado. A atención e a actividade ao longo do día vai diminuindo, tal e como amosan numerosos estudos. O rendemento escolar é mellor nas horas previas á pausa do mediodía, mentres que as clases da tarde son aquelas nas que se rexistra un menor aproveitamento do tempo. A xornada única permitiría aproveitar mellor as horas da mañá, evitando a perda



de concentración que supón unha pausa tan longa ao mediodía e aumentaría o rendemento académico do noso alumnado.

- Eliminar a pausa de dúas horas durante o recreo de comedor. Co horario actual, o alumnado de educación infantil e de educación primaria conta cunha pausa de case dúas horas entre a última hora da mañá e a hora da tarde de martes e xoves. Co novo horario proposto evítase esa pausa e redúcese o cansancio do alumnado ao permanecer tanto tempo no centro.
- Facilitar a asistencia a actividades complementarias e compaxinar o horario lectivo co horario social. Este novo horario facilitaría a asistencia do noso alumnado a actividades complementarias e extraescolares, tanto de tipo académico como de carácter deportivo ou lúdico. Co horario actual, esta asistencia queda reducida a unha franxa horaria máis restrinxida.  
Isto tamén permitiría unha distribución do tempo do alumnado máis racional e eficaz, que deste xeito tamén obtería tempo para estudar, realizar tarefas na casa, descansar,...
- Reducir os desprazamentos do alumnado que non emprega o transporte. Esta redución dos desprazamentos facilitaría a organización do tempo por parte das familias e favorecería o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar ao profesorado un horario máis flexible para a realización de Proxectos de formación, seminarios e grupos de traballo, que á súa vez redundarán en beneficio da formación do propio alumnado.

## Horario

### Horario xeral do centro

Coa implantación da xornada única de mañá pretendemos organizar o tempo escolar e definir o tipo de xornada que cremos máis axeitado para o desenvolvemento do proceso educativo do noso alumnado.

Esta proposta comprende os meses de outubro a maio.



## Horario lectivo

O horario lectivo para as etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria quedaría establecido da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:00-09:50	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión
09:50-10:40	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión
10:40-11:30	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión
11:30-11:55	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
11:55-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión
13:10-14:00	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión

O horario para a etapa de Educación Secundaria quedaría establecido da seguinte maneira:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:00-09:50	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión
09:50-10:40	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión
10:40-11:30	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión
11:30-12:00	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:00-12:50	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión
12:50-13:40	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión
13:40-14:30	6ª sesión	6ª sesión	6ª sesión	6ª sesión	6ª sesión
16:20-17:10		7ª sesión			
17:10-18:00		8ª sesión			

## Horario dos docentes

No caso dos docentes das etapas de **Educación Infantil** e de **Educación Primaria**, o seu horario sería o seguinte:

Quenda de mañá: luns a venres de 9h a 14h. De xeito rotatorio, algúns docentes terán que garantir as gardas de transporte e comedor.

Quenda de tarde:

- Martes de 16h a 18h – horario semanal de titoría e atención a familias e garda de actividades extraescolares, que se realizarán de xeito rotatorio.
- Martes de 18h a 19h – reunións, claustros, equipos, coordinacións...
- Os outros días da semana, e de xeito rotatorio, o profesorado fará garda no centro escolar no tempo en que se desenvolver as actividades extraescolares.

No caso dos docentes da etapa de **Educación Secundaria Obrigatoria**, o seu horario sería o seguinte:

Quenda de mañá: luns a venres de 9h a 14:30 h

Quenda de tarde:

- Martes de 16:20 h a 18 h – horario lectivo (horas de clase ou gardas do profesorado correspondente)
- Martes de 18 a 19 h – reunións, claustros, equipos, coordinacións...

**Os horarios propostos están supeditados á valoración do Servizo de Transporte e poden sufrir modificacións.**

## Planificación das actividades extraescolares

O horario habitual das actividades será de luns a xoves, agás en setembro e xuño.

Todas as actividades caracterízanse por:

- Ter carácter voluntario e non discriminatorio.



- Seren abertas e de interese para todo o alumnado do centro: Motivadoras, enriquecedoras e adecuadas á idade.
- Cun carácter lúdico e cultural.
- Carácter gratuíto daquelas organizadas polo profesorado e un pequeno custo para as organizadas pola ANPA e monitores externos.

As actividades extraescolares que inicialmente se programen poden sufrir modificacións dependendo de diferentes factores así como da demanda das mesmas.

### Actividades ofertadas pola ANPA

A impartición das actividades correrá a cargo dun monitor preparado para realizar a actividade. A asociación financiará unha parte, o que suporá un pequeno custo para o alumnado. As actividades ofertadas cada curso escolar serán de carácter provisional, polo que a continuación sinalamos unha listaxe para elixir:

ACTIVIDADES	NIVEIS EDUCATIVOS	FINANCIACIÓN
Zumba/Baile Moderno/Bailes latinos	EI/EP	Información na ANPA
Urban Dance	A partir de 3ºEP+ESO	Información na ANPA
Ballet	EI/EP	Información na ANPA
Divertidanza/Música e movemento	EI	Información na ANPA
Baile tradicional e Pandeireita	EI/EP/ESO	Información na ANPA
Teatro	EI/EP	Información na ANPA
Pintura/Iniciación ao Arte/Manualidades	EI/EP	Información na ANPA
Multiobradoiro	EI/EP	Información na ANPA
Inglés Lúdico	EI/EP	Información na ANPA
Predeporte/Multideporte	EI/EP	Información na ANPA
Patinaxe	EI/EP	Información na ANPA
Deportes Raqueta (pádel, squash, tenis de mesa...)	A partir de 2º EP+ESO	Información na ANPA



Baloncesto	A partir de 2º EP+ESO	Información na ANPA
Ximnasia Rítmica	EI/EP	Información na ANPA
Xadrez	EI/EP/ESO	Información na ANPA
Técnicas de Estudio	EP/ESO	Información na ANPA
Informática e TICs	EI/EP/ESO	Información na ANPA
Fútbol, hockei patíns...	–	Información na ANPA
Artes Marciais(Karate...)	–	Información na ANPA

Os días e horarios serán fixados ao comezo do vindeiro curso.

### Actividades ofertadas polo Concello

A súa proposta ten como finalidade complementar as actividades que o noso centro educativo e a ANPA ofertan ao alumnado de cara a cubrir un amplo abano de actividades. As actividades propostas serían financiadas directamente e integramente polo concello, algunhas feitas con persoal municipal (axente TIC, técnico deportivo ou bibliotecaria municipal) e outras contratando ditos servizos.

- **Actividades para todo o curso:**
  - ❖ Baile tradicional e pandeireta
  - ❖ Actividades relacionadas coas TIC
  - ❖ Actividades de fomento da práctica deportiva
  - ❖ Promoción da lectura
- **Actividades puntuais:**
  - ❖ Visitas guiadas ao arboreto, á horta de conservación de froiteiras e ao apiario didáctico da Cortiña.
  - ❖ Ruta xeolóxica por puntos de interás xeolóxico do concello.

### Actividades ofertadas polo centro

ACTIVIDADES	NIVEIS EDUCATIVOS	FINANCIACIÓN
Biblioteca	EI/EP/ESO	Gratuíta

As actividades a realizar iranse propoñendo segundo estean establecidas dentro do Plan de Mellora da Biblioteca dos vindeiros cursos.





## Entidades colaboradoras

Concello, ANPA, Biblioteca Municipal.

## Espazos dispoñibles e Recursos

O centro escolar podería dispoñer dos seguintes espazos para a realización das actividades extraescolares:

- Patio cuberto de Educación Primaria
- Ludoteca
- Desdobre 2 no edificio de Educación Secundaria
- Pavillón municipal
- Biblioteca

No que se refire aos recursos para as diferentes actividades a desenvolver, o centro porá a disposición dos monitores aqueles que poidan necesitar. Sempre e cando se dispoñan deles e cun uso responsable do mesmo.

## Avaliación do Plan coa participación de toda a comunidade escolar

O Consello escolar do Centro, ao finalizar cada curso escolar, realizará unha avaliación do proxecto e decidirá a conveniencia de solicitar á Consellería a continuidade deste tipo de xornada.

A avaliación correspondente ao seu desenvolvemento realizarase desde dúas perspectivas:

### Avaliación externa

A avaliación externa será realizada pola Administración, a través dos procedementos que esta considere oportunos.

### Avaliación interna

A avaliación interna será levada a cabo tanto polo Claustro, como polo Consello Escolar do centro educativo, os cales velarán polo cumprimento deste proxecto.

Atenderase aos seguintes criterios sen orde de prioridade:

- Nivel de asistencia.
- Calidade das actividades impartidas.



- Grao de implicación directa e indirecta da Comunidade Educativa.
- Grao da implicación directa e indirecta da ANPA.
- Rendemento xeral do alumnado.
- Grao de satisfacción de pais, profesores e alumnado.
- Optimización dos recursos.